

Anexo 02.A - Cadro da convocatoria

I) Posicións ofertadas

TÉCNICO/A DE SISTEMAS REF.: TSIS-25-INT 2025/02 - NRP: 6090011

DATOS DA ACTIVIDADE	
Denominación	TÉCNICO/A DE SISTEMAS – Substitución de persoa traballadora en excedencia
Centro de traballo	CESGA, Avenida de Vigo s/n, Campus Vida, 15705 – Santiago de Compostela.
CONDICIÓNS DO POSTO	
Tipo de contrato	Contrato temporal para substitución de persoa traballadora en excedencia con dereito a reserva
Categoría laboral	TÉCNICO/A SISTEMAS
Número de postos do grupo	1
Descrición	Desenvolver tarefas específicas, cuxo detalle se recolle no apartado “Funcións a realizar” orientadas ao cumprimento dos obxectivos marcados nas actividades do departamento de sistemas. Velar polo cumprimento das accións correspondentes en custo, tempo e forma, coa máxima calidade. Proporcionar soporte técnico ás actividades do departamento. Ofrécese contrato temporal coa integración nun equipo de persoal científico e técnico, multidisciplinar, flexible e creativo no que os valores de igualdade, respecto e valoración das potencialidades e circunstancias persoais son fundamentais.
Funcións a realizar	• Soporte técnico dos superordenadores, servidores de cálculo e sistemas de almacenamento: - o Operación. - o Determinación de problemas, seguimento e resolución. - o Mantemento do rexistro de incidencias. Mantemento dos sistemas. Creación das contas dos usuarios. - o Xeración de estatísticas de sistemas e usuarios. Elaboración de copias de seguridade. Soporte aos departamentos de Aplicacións e Comunicións. • Control de acceso a Salas de HPC. • Seguimento e control de avarías e intervencións de mantemento dos seguintes equipos: - o UPS. - o Equipos de aire acondicionado. - o Grupo electrógeno.



	- o Sistemas eléctricos, cadros, etc. - o Sistema de extinción de incendios • Soporte a aplicacións. - o Colaboración na instalación de aplicacións. - o Elaboración de personalizacións que faciliten e melloren a execución das aplicacións instaladas nos superordenadores do CESGA. • Soporte técnico a usuarios e asesoramento en: - o Facilidades do sistema. - o Compiladores e linguaxes. Elaboración de información técnica relacionada co cálculo científico, aplicacións, utilidades e arquitecturas. • Formación á usuarios. • Adecuación e mantemento das aplicacións de soporte do departamento (registro de incidencias, xestión de usuarios, etc.). • Participación en proxectos de I+D+I. • Asistencia a cursos, seminarios, congresos e proxectos a nivel estatal e internacional.		
Retribución bruta anual	27.134,10€		
Duración do contrato	Substitución persoa traballadora en excedencia, con dereito a reserva, coas limitacións temporais sinaladas no Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro. Duración máxima: 05/02/2027 ou ata a reincorporación do traballador en excedencia		
Data de inicio prevista	Maio de 2025		
Xornada laboral	Tempo completo.		
REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES			
Titulación requirida	Ciclo Superior en administración de sistemas informáticos en rede ou Grao en Informática, ou titulacións equivalentes de plans anteriores.		
Experiencia requirida	NON SE ESIXE		
Idiomas	Galego: CELGA 4* Inglés: A2*		
Outros	NON SE ESIXEN		
MÉRITOS A VALORAR			
Ítem	Concepto do ítem	Puntos max.	Puntos mín.
1	*Proba de idioma	Apto/Non Apto	



	No CV que se adxunte coa solicitude, deberá indicarse de forma explícita se o nivel de idiomas é acreditable mediante acreditación/certificación ou se, pola contra, non se dispón desta. Os/as aspirantes que non estean en posesión da correspondente acreditación/certificación de idioma, deberán realizar unha proba eliminatoria cuxa valoración será de apto ou non apto.		
2	Valoración curricular Valoraranse os seguintes aspectos: ○ Experiencia académica ou profesional previa relacionada coas funcións do posto. Ata 45 puntos: ▪ Experiencia práctica dentro dos últimos 5 anos no uso e/ou administración de infraestruturas e/ou tecnoloxías de computación avanzada. Ata 45 puntos. Valorarase a experiencia en: servizos de computación na nube, aprendizaxe automático (ML), computación de alto rendemento (HPC), GPUs, así como sistemas en contornos UNIX/Linux. • 1,5 puntos por cada mes de experiencia no uso de infraestruturas e/ou tecnoloxías de computación avanzada. • 3 puntos por cada mes de experiencia na administración de infraestruturas e/ou tecnoloxías de computación avanzada. ○ Formación específica relacionada cos requisitos do contrato ofertado. Ata 45 puntos. a) Expediente académico: ata 8 puntos Expediente académico, segundo a nota media das titulacións requiridas para o acceso ao proceso de selección. Valoraranse utilizando a media ponderada segundo a lexislación vixente tomando como referencia o seguinte baremo: • Matrícula de honra: 8 puntos • Sobresainte: 6 puntos • Notable: 4 punto • Suficiente/aprobado: 2 punto • Suspenso/non presentado: 0 b) Titulación de Grado ou enxeñería no ámbito da computación, intelixencia artificial ou bigdata: 12 puntos. c) Titulación de Máster no ámbito da computación, intelixencia artificial ou bigdata: 14 puntos. d) Formación obtida nos últimos 5 anos en tecnoloxías asociadas a HPC, ML, GPUs ou administración de servizos de computación HPC ou na nube. 0,5 puntos por curso de mínimo 10 horas de duración. Ata 3	90	45



	puntos. e) Nivel de inglés superior ao esixido. Ata 2 puntos: 1. Inglés nivel B1: 1 puntos 2. Inglés nivel B2: 1,25 puntos 3. Inglés nivel C1: 1,5 puntos 4. Inglés nivel C2: 2 puntos. f) Certificacións oficiais Linux (RHCT, RHCE, LPIC-1, LPIC-2, LPIC-3, NCLP, CompTIA Linux+, e outras equivalentes). Ata 6 puntos. • RHCT, LPIC 1 ou CompTIA Linux+: 4 puntos • RHCE, LPIC 2, LPIC 3 ou NCLP: 6 puntos		
3	Entrevista A entrevista centrarase en avaliar as competencias e habilidades transversais do candidato/a, así como a súa adecuación ao posto ofertado. ▪ Competencias Técnicas: Dominio de conceptos nas áreas relacionadas co posto. ▪ Habilidades Transversais: Capacidade de comunicación, traballo en equipo e resolución de problemas. ▪ Adecuación ao Perfil do Posto: Avaliarase a motivación, interese e aliñamento do candidato/a con os obxectivos e funcións do posto, así como a súa dispoñibilidade. ▪ Outras consideradas relevantes para o posto.	10	5



II) Prazo máximo de resolución da convocatoria

Tres (3) meses a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria, no Diario Oficial de Galicia.

III) Comisión de selección

- **Presidencia:** Carlos Fernández Sánchez, Administrador departamento de Sistemas
 - **Suplente:** Ignacio López Cabido, Subdirector técnico
- **Secretario:** Pablo Rey Mayo, Técnico superior de Sistemas 1
 - **Suplente:** Javier Cacheiro López, Técnico superior de Sistemas 2
- **Vogais:** María José Rodríguez Malmierca, Administradora departamento Tele-ensino e Natalia Costas Lago, Técnica superior de Comunicacions
 - **Suplentes:** Juan Villasuso Barreiro, Técnico superior de Comunicacions e José Carlos Mouriño Gallego, Técnico superior de Aplicacións.

IV) Acreditación de requisitos e méritos

A/as persoa/s que resulten seleccionadas deberán presentar no prazo de 3 (tres) días naturais a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos e dos méritos baremables na fase de concurso e restante documentación adicional incluída no Anexo 2 a través da sede electrónica <https://sede.xunta.gal> seguindo o mesmo procedemento da sección de presentación de solicitudes indicando neste caso o seguinte:

- “Asunto relacionado”: Indicar “Documentación acreditativa da convocatoria do proceso selectivo de TÉCNICO/A DE SISTEMAS REF.: TSIS-25-INT NRP: 6090011”

A documentación a remitir será:

- **Titulacións**
 - Copia simple do/s título/s ou documentos que acrediten de modo fidedigno a posesión do correspondente título académico (Grao, Máster, Doutoramento, e demais titulacións).
 - Copia simple do expediente académico.
 - Naqueles casos onde se avalíe a temática do TFG, TFM ou tese doutoral, declaración responsable onde figure o título e un resumo no que quede claramente reflexado que a temática principal está relacionada coa valorada.
- **Cursos e formacións**

Certificado de asistencia ou superación, incluíndo o temario do curso e o número de horas. Non se considerarán como cursos os créditos obtidos en estudos regulados.
- **Certificacións**

Certificado oficial
- **Publicacións**



DOI da publicación e copia da mesma

- **Experiencia**

Xustificarase coa seguinte documentación:

- Contrato de traballo onde figure expresamente o nome e código do proxecto ou contrato ou certificación da entidade onde participou, incluíndo as datas de inicio e fin da participación.
- Copia da vida laboral para os contratos laborais en España ou documento internacional substitutorio que inclúa a duración en días ou meses do contrato.
- Declaración responsable asinada polo solicitante, cunha descrición de cada un dos proxectos ou contratos nos que traballou, de non máis dunha cara dun folio A4 cada un, onde se xustifique a relación do mesmo co obxecto do criterio.
- Naqueles casos onde se valore experiencia relacionada co desenvolvemento de ferramentas e aplicativos dixitais, enlace a repositorios de código ou portafolios: enlaces a repositorios públicos (GitHub, GitLab, etc.) ou portafolios que mostren exemplos de scripts ou ferramentas desenvolvidas. Cada exemplo debe incluír unha breve descrición do seu propósito e contexto.
- En caso de experiencia práctica non ligada a un contrato de traballo, declaración responsable asinada polo/a candidato/a indicando os datos identificativos do elemento a xustificar, temporalización e, se a houbera, institución responsable.

- **Idiomas**

- Se é o caso, copia simple do título de perfeccionamento en lingua galega, do CELGA 4 ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística. Os/as aspirantes que non estean en posesión do certificado requirido, serán convocados para a realización dunha proba de valoración do nivel.
- Se é o caso, copia simple do título ou certificado de inglés no nivel requirido no Anexo 2 ou acreditación/certificación equivalente atendendo á escala CEFR (Common European Framework of Reference). Os/as aspirantes que non estean en posesión do certificado requirido, serán convocados para a realización dunha proba de valoración do nivel.

V) Alegacións

A presentación de alegacións e recursos nas distintas fases do procedemento, así como as notificacións ás persoas interesadas do resultado das súas alegacións e recursos, presentaranse por vía electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, www.sede.xunta.gal, utilizando o Modelo de alegación/recurso que deberá estar accesible no portal web da Fundación CESGA www.cesga.gal. Para a presentación electrónica das solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e firma admitidas pola sede electrónica da



Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As persoas estranxeiras que por non dispoñer de Número de Identificación de Estranxeiro (NIE), non poidan obter o certificado dixital da FNMT estarán exceptuadas neste procedemento da obrigação de relacionarse de forma electrónica co CESGA. Por tanto, poderán presentar a súa alegación e recurso por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Establécense os seguintes prazos para alegacións e recursos en cada fase do procedemento:

FASE	PRAZO
Admisión de aspirantes	Cinco (5) días hábiles
Resolución provisional	Cinco (5) días hábiles

VI) Publicacións

Todas as publicacións relativas ao proceso selectivo destas prazas realizaranse na páxina web do CESGA, na sección de emprego, no seguinte enlace:

<https://www.cesga.es/transparencia/emprego/>



Anexo 02.B - Modelo valoración de méritos para posto de Ref.: TSIS-25-INT NRP: 6090011

Cada candidato **deberá cubrir o seguinte modelo cos méritos alegados e a puntuación**, indicando con claridade a referencia á documentación **xustificativa aportada**. Numeraranse as páxinas da documentación xustificativa e indicarse en cada apartado o/s número/s de páxina/s que corresponde/n a cada xustificación. **De non cubrirense axeitadamente esta información os méritos poderían non ser avaliados pola comisión.**

FASE 1			
Criterio	Descrición	Baremación	PUNTOS alegados
C1	Experiencia práctica dentro dos últimos 5 anos no uso e/ou administración de infraestruturas e/ou tecnoloxías de computación avanzada.	Ata 45 puntos: 1,5 puntos por cada mes de experiencia no uso de infraestruturas e/ou tecnoloxías de computación avanzada. 3 puntos por cada mes de experiencia na administración de infraestruturas e/ou tecnoloxías de computación avanzada.	
C2	Expediente académico da titulación esixida	Ata 8 puntos: - Matrícula de honra: 8 puntos - Sobres: 6 puntos - Notable: 4 punto - Suficiente/aprobado: 2 punto - Suspenso/non presentado: 0	



FASE 1			
Criterio	Descrición	Baremación	PUNTOS alegados
C3	Titulación de Grado ou enxeñería	Titulación de Grado ou enxeñería no ámbito da computación, intelixencia artificial ou bigdata: 12 Puntos	
C4	Titulación de Máster	Titulación de Máster no ámbito da computación, intelixencia artificial ou bigdata: 14 puntos	
C5	Formación obtida nos últimos 5 anos en tecnoloxías asociadas a HPC, ML, GPUs ou administración de servizos de computación HPC ou na nube.	Ata 3 puntos: 0,5 puntos por curso de mínimo 10 horas de duración.	
C6	Inglés	Ata 2 puntos: • Inglés nivel B1: 1 puntos • Inglés nivel B2: 1,25 puntos • Inglés nivel C1: 1,5 puntos • Inglés nivel C2: 2 puntos.	
C7	Certificacións oficiais Linux (RHCT, RHCE, LPIC-1, LPIC-2, LPIC-3, NCLP, CompTIA Linux+, e outras equivalentes).	Ata 6 puntos. • RHCT, LPIC 1 ou CompTIA Linux+: 4 puntos • RHCE, LPIC 2, LPIC 3 ou NCLP: 6 puntos	
TOTAL			

